



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE XERMADE, PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPO DE TRABALLO, DENTRO DA CAMPAÑA DE VERÁN 2016 DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ten previsto formalizar co concello de Xermade o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2016.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Xermade para a organización do campo de traballo “*Casa da Neveira*” de temática arqueolóxica, que se desenvolverá dende o 5 ata o 16 do mes de xullo, no concello de Xermade, como único emprazamento para desenvolver as actividades obxecto deste campo, en atención as súas características, recursos e dotacións da zona.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

I. Que á Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, correspóndenlle a xestión das actuacións en materia de xuventude.

II. Que o Concello de Xermade, de conformidade co artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, pode asumir competencias na xestión das políticas en materia de xuventude como consecuencia do asinamentos de convenios, dentro do marco de cooperación da Xunta de Galicia coa Administración Local.



III.- Que ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten potenciar os programas de actividades no ámbito da educación non formal como facilitadores da adquisición de competencias e valores por parte dos mozos e mozas participantes.

IV.- Que, nese ámbito, os campos de traballo son actividades incluídas dentro da Campaña de Verán da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, que teñen un claro compoñente de compromiso social e interese xeral encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, mediante a colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos, que revertern directamente na comunidade e entorno nos que se levan a cabo.

A través do programa Campos de traballo, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado facilita que os mozos e mozas participantes leven a cabo, segundo a temática do campo, tarefas que teñen unha incidencia e beneficios directos no entorno local no que se desenvollen as actividades, ademais de contribuír ao enriquecemento persoal dos mozos e mozas participantes.

Os campos de traballo desenvólvense en localizacións específicas en función das súas características peculiares, que determinan a necesidade da actuación e que fan que un determinado ámbito deveña como exclusivo para a consecución de determinados fins.

Concorre, neste campo de traballo, un especial interese baseado nunha necesidade patrimonial básica despois da intervención arqueolóxica realizada no ano 2015 no elemento patrimonial etnográfico coñecido como a Casa da Neveira e catalogado como elemento de especial protección no PXOM de Xermade. Como continuación das actuacións realizadas neste espazo, o traballo dos voluntarios que participan nun campo de traballo reviste especial importancia a fin de poder contribuír á consolidación dun traballo iniciado no 2015 que permitirá a recollida de patrimonio inmaterial asociado ao Camiño Real da Carba, en cuxa contorna se atopa a Casa da Neveira e que constitúe un elemento senlleiro que forma parte do entorno natural e paisaxístico da Serra declarada L.I.C. -*Lugar de Importancia Comunitaria*- polos seus valores naturais e paisaxísticos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Rela decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2016

A Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado  
Cecilia Vázquez Suárez

